



## PROGRAMACIÓN GRUPO B (xaneiro – marzo 2013)



### **La fiesta del chivo, de Mario Vargas Llosa**


Os ingredientes clásicos da gran literatura de ficción e a capacidade de Vargas Llosa para diseccionar a máquina de terror posta en marcha polo dictador dominicano Trujillo conforman unha novela que é moito máis que un relato histórico. Estamos ante un magnífico tratado de psicopatoloxía social.

Mario Vargas Llosa foi Premio Nobel de Literatura no ano 2010.

### **El insólito peregrinaje de Harold Fry, de Rachel Joyce**

Mediante o sinxelo acto de camiñar, Harold comeza unha viaxe ao encontro de si mesmo, un longo percorrido, duro e pracenteiro á vez, que o levará a descubrir os verdadeiros sentimentos e desexos que ficaban adormecidos no seu interior e, por encima de todo, a exorcizar o terrible recordo que marcou a súa vida.

*Información tomada do resumo editorial.*



### **Xente ao lonxe, de Eduardo Blanco Amor**


Froito dun excepcional alento anovador, “Xente ao lonxe” ensambla un amplo abano de tipos humanos e historias sabiamente entrecruzadas e relatadas con eficaz técnica expresionista. Un ambicioso experimento literario no que se combinan 170 personaxes cunha concepción cinematográfica do relato. Alegato en favor dos desherdados, “Xente ao lonxe” é unha novela total na que se reconstrúe un universo e un tempo.

*Información tomada do resumo editorial.*

### **La boda de Chon Recalde, de Gonzalo Torrente Ballester**

Dúas orfas dun capitán de navío fusilado polas súas ideas durante a Guerra Civil establécense no lugar de orixe da súa familia e esta situación serve ao escritor para trazar un inesquecible fresco da vida provinciana da época. Cristina e Chon Recalde buscan traballo e fan o posible para integrarse na sociedade que as rodea. A súa é a historia da resistencia á hipocrísía e a loita pola dignidade persoal.

*Información tomada do resumo editorial.*



### **El sentido de un final, de Julian Barnes**

Tony Webster e a súa pandilla coñeceron a Adrian no instituto. Famentos de sexo e literatura, atravesaron xuntos a adolescencia e prometéronse seguir sendo amigos para sempre. Pero cando a vida de Adrian deu un envorco trágico, todos, especialmente Tony, miraron cara a outro lado, afastáronse.

*Información tomada do resumo editorial.*